

CAMPAMENTO XUVENIL ESPÍNEIRA (BOIRO)

DATOS XERAIS: Instalación para 100 prazas en tendas de campaña que conta con pistas polideportivas, servizos hixiénicos completos e comedor cuberto.

ACCESOS: A 2 km de Boiro. Autobuses desde Santiago.

ENDEREZO: CAMPAMENTO XUVENIL ESPÍNEIRA
BOIRO (A CORUÑA)
Tfno.: 981 845 260

QUENDA	ANOS NACEMENTO	DESCRIBIÓN ACTIVIDADES
01-12 xullo CANDILEXAS	03-04	Querémosche ofrecer neste campamento un acercamento ás artes escénicas como medio de expresión, desenvolvemento e relación que potencie os valores de solidariedade e participación, así como a túa creatividade. A través da animación teatral buscamos promover un aproveitamento de tempo libre de forma saudable e propiciar unha convivencia creativa e enriquecedora, na que disfrutemos apreciando a arte.
17-28 xullo CANDILEXAS	03-04	Botaremos man de técnicas de dramatización , expresión corporal, clown, percusión, improvisación, maquillaxe, elaboración de atrezos... para ver de dar lugar a unha creación colectiva entre todas e todos.
14-21 agosto IMPLÍCA-T	97-98-99-00	IMPLÍCA-T Neste campamento participarás activamente, a metade da xornada, en actividades de voluntariado ambiental e de emprendemento práctico e participativo nos sectores produtivos tradicionais, aproveitando os recursos da zona, o que che aportará unha formación en valores. Tamén haberá actividades de lecer, algunhas náuticas que complementan ás primeiras.

NORMAS XERAIS:

- Os participantes estarán atendidos permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades de tempo libre.
- Ningún participante poderá abandonar o centro sen autorización expresa do director da actividade, e sempre acompañado dun adulto autorizado (**persoa que firmou nos papeis de inscrición**), no caso de non poder estar presente este, a persoa que efectúe a recollida deberá achegar a fotocopia do DNI de quen autoriza (**persoa que firmou nos papeis de inscrición**) e do autorizado así como o impreso de autorización que lles será facilitado polos monitores o día da recepción.
Prégase non facer visitas de non ser necesario, co fin de non interferir no desenvolvemento das actividades.
- Poderase contactar telefonicamente co equipo de monitores no teléfono **981 845 260** de **15 a 15:45 e de 21:30 a 22:00 horas**. Neste tempo haberá unha persoa para recoller os avisos e para atender as consultas. Os participantes poderán chamar por teléfono no tempo libre despois do xantar e da cea. O centro conta con cabina telefónica.
- O centro ten atención sanitaria. Os participantes deberán levar **as tarxetas sanitarias orixinais**. O día da incorporación débese comunicar ao persoal técnico da actividade os medicamentos en caso

de tratamento específico que estean a tomar, así como as alerxias, doenzas, ou calquera outra incidencia que se considere de interese.

5. Recoméndase que non leven obxectos de valor, nin grandes sumas de diñeiro. Organizarase un “banco” onde os participantes poidan depositar os seus cartos e tamén os teléfonos.
6. Aconséllase levar a roupa marcada coas iniciais.
7. Na páxina Web www.xuventude.net no apartado de anexos, descargase a **autorización de fotografías** que se entregará cuberta o día da incorporación.